
Luis Casteleiro Oliveros, *La revolución en Lingüística (Ferdinand de Saussure)*, II Premio ‘Dámaso Alonso’ de Investigación Filolóxica, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2000, 212 pp.

É de sobra coñecida a decisiva contribución da obra de Ferdinand de Saussure no desenvolvemento da lingüística moderna. Os postulados saussureanos suscitaron a atención de lingüistas dende a súa aparición e actualmente seguen sendo de interese. Mostra disto son as recentes publicacións en que se continúa a profundar na súa obra, como é o caso de Harris (1988), Bouquet (1997) ou a obra xa clásica de Koerner (1982). O *Cours de linguistique générale*, obra póstuma do autor, proporciona unha conceptualización nova da lingüística, que se manifesta na construción dunha terminoloxía propia que vai estar presente nas diferentes escolas lingüísticas xurdidas ó longo do século XX. Dada a relevancia de Saussure en materia lingüística, Luis Casteleiro Oliveros pretende unha aproximación á figura do mestre xenebrino en que se revisan criticamente as achegas deste autor. Casteleiro cuestiona a orixinalidade saussureana en tanto creador de novos conceptos e ideas, e considera que a innovación de Saussure se centra máis ben en “su capacidad para encontrar formulaciones precisas y engarzar en un sistema coherente ideas que ya habían sido evocadas con anterioridad, aunque fuera de contexto” (p. 199).

La revolución en Lingüística (Ferdinand de Saussure) comprende seis capítulos precedidos dunha introducción. Tamén inclúe un apartado dedicado á bibliografía e un índice onomástico. Na introducción o autor presenta o obxectivo do estudio: conectar a figura de Saussure coas ideas lingüísticas precedentes e valorar as súas consecuencias e repercusións nas diferentes escolas lingüísticas do século XX. O primeiro capítulo, “Biografía y significado de Saussure”, comeza cunha breve referencia á vida do mestre xenebrino en que se repasa a súa traxectoria científica resaltando o carácter revolucionario da súa obra. Móstrase cómo o traballo de Saussure rompe coa liña historicista que predominaba na lingüística da súa época: así, aínda que os seus primeiros traballos se enmarcan dentro da lingüística comparativa, presentan importantes innovacións. Sen embargo, son as ideas publicadas no *Cours de linguistique générale* as que supoñen unha verdadeira revolución en lingüística e ás que debe o seu recoñecemento como pai da lingüística moderna a título póstumo, xa que este carácter innovador non foi de todo comprendido polos seus contemporáneos. Isto parece, segundo os seus bibliógrafos, que o conduciu a un paulatino desinterese pola investigación lingüística. Con todo, Saussure non foi unha figura ideoloxicamente illada como se ten sostido en moitas ocasións pois, como afirma Casteleiro Oliveros, a súa liña de

traballo conecta nalgúns puntos con algúns dos seus coetáneos, como é o caso de Courtenay ou Kruszewski.

As ideas que revolucionaron a lingüística moderna difundíronse no *Cours de linguistique générale*, obra na que Charles Bally e Albert Sechehaye presentan a teoría de Saussure a partir de apuntamentos tomados nas súas conferencias. A reconstrución do pensamento saussureano comporta certa problemática que é tratada no capítulo II, titulado “Problemas de fidelidad”. O carácter indirecto das fontes manexadas por estes primeiros editores trae certas dúbidas sobre a fidelidade do *Cours de linguistique générale* con respecto ó pensamento saussureano: o costume de Saussure de destruír as súas notas despois de impartir as leccións dificulta as tarefas destes dous editores. En moitas ocasións, Bally e Sechehaye completan e corrixen algunhas partes, feito que ocasionou diferentes críticas en que se cuestiona a validez da reconstrución do pensamento saussureano tal como se presenta no *Cours de linguistique générale*. Pronto apareceron novos manuscritos e análises comparativas onde se pretendía presentar dun modo máis fiel os postulados de Saussure, como é o caso dos traballos de Godel (1957) e a edición crítica do *Cours de linguistique générale* en 1968, entre outros.

O seguinte capítulo, “Antecedentes de Saussure”, estudia as contribucións de diferentes lingüistas na súa obra. Obsérvase como ideas que tradicionalmente se lle atribúen pertencen a lingüistas contemporáneos ou anteriores a el. Principalmente, analízanse as influencias de William Dwight Whitney, Jan I. Baudouin de Courtenay, Nikolái Viacheslávovich Kruszewski, Georg von der Gabelentz, Wilhelm von Humboldt e Hermann Paul.

O capítulo IV, “Análisis de Saussure”, céntrase naqueles aspectos da súa obra que ocupan un lugar importante na lingüística moderna: a definición e arbitrariedade dos signos, a relación que entre estes se establece, o seu valor lingüístico ou as dicotomías. O capítulo distribúese en sete apartados. O primeiro apartado dedícase ó lugar que ocupa a lingüística na ciencia e o seu obxecto de estudio. Saussure propón a lingüística como parte dunha ciencia xeral que el denomina semioloxía e que, tal como aparece no *Cours de linguistique générale*, debe estudar os signos no seo da vida social. Ademais, considera que é necesaria a delimitación precisa do obxecto de estudio da lingüística, utilizando para iso as técnicas de contraste. Céntrase no segundo apartado nun dos temas máis controvertidos e punto de partida da teoría saussureana: a dicotomía *langue/parole*, que se pode resumir nun conxunto de oposicións; isto é, a lingua caracterízase como un código e sublíñase o seu carácter potencial, social, fixo, lentamente movible e psicolóxico. Pola súa parte, a fala como codificación dunha mensaxe preséntase coma unha actualización da lingua, individual, libre, efémera e psicofísica. No terceiro apartado refírese ó signo lingüístico e as súas propiedades: arbitrariedade, linealidade, inmutabilidade/mutabilidade e carácter discreto. A continuación, trata outra das

dicotomías básicas da teoría de Saussure: a oposición sincronía / diacronía en que, segundo Oliveros, vese clara a influencia do lingüista Gabelentz. Nos últimos apartados trata nocións básicas da lingüística estruturalista como o concepto de sistema (e as relacións que nel se establecen, isto é, as relacións sintagmáticas e paradigmáticas), a estruturación da lingua en forma e substancia e, finalmente, a noción de fonema.

O capítulo V, “Presencia del *Curso de Lingüística General* en España”, trata as repercusións das ideas saussureanas no mundo académico hispánico. O principal descubridor da figura de Saussure foi Amado Alonso, quen demostra o seu coñecemento da teoría estruturalista nalgúns dos seus traballos publicados nos anos trinta, e en 1945 encárgase da tradución e do prólogo do *Cours de linguistique générale*. Outro introdutor dos postulados do mestre xenebrino foi Dámaso Alonso, que difunde as teses de Saussure nunha serie de conferencias que pronuncia na Universidade Internacional de Verán en Santander en 1934. De todas as maneiras, hai constancia de que o *Cours de linguistique générale* era coñecido no mundo hispánico con anterioridade, como o demostran unha referencia á obra do xenebrino na *Revista de Filología Española* en 1917 e, máis tarde, que Ricard Aragó i Turón introduza cincuenta e unha citas literais do *Cours* na súa pouca coñecida obra *La Paraula*.

Finalmente, o último capítulo dedícase ás conclusións: nel subliña o papel innovador da teoría de Saussure non tanto no plano conceptual, pois a maior parte das ideas que se lle atribúen son tomadas da tradición, senón na “concatenación formal” (p. 199) destas. Ademais, resáltase a súa importancia, dada a influencia do seu traballo nas tendencias lingüísticas actuais.

En definitiva, o traballo de Luis Casteleiro Oliveros é unha excelente revisión crítica das achegas de Saussure na lingüística moderna.

Bibliografía

- Bouquet, S. (1997): *Introduction à la lecture de Saussure* (Paris: Éditions Payot & Rivages).
- Harris, R. (1988): *Saussure and his interpreters* (Edinburgh: Edinburgh University Press).
- Koerner, K. (1982): *Ferdinand de Saussure. Génesis y evolución de su pensamiento en el marco de la lingüística occidental. Contribución a la historia y a la teoría de la lingüística* (Madrid: Gredos).